



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE OIMBRA PARA A RECUPERACIÓN DE ADEGA – LAGAR, DO SEU ENTORNO E DE LAGAR DE PRENSADO EXTERNO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Oímbra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Oimbra para a realización das actuacións encamiñadas á recuperación de unha adega – lagar, do seu entorno e dun lagar de prensado externo, que incluírá as seguintes actuacións:

- Capítulo 1. Obras exteriores en parcela
- Capítulo 2. Obras de limpeza e acondicionamento de edificación
- Capítulo 3. Pavimentos de adega e muros de pedra de edificación
- Capítulo 4. Cuberta inclinada de edificación
- Capítulo 5. Forxado intermedio de edificación
- Capítulo 6. Carpintería exterior
- Capítulo 9. Elementos propios de equipamento interior da edificación
- Capítulo 10. Elementos de interpretación patrimonial e sinalización
- Capítulo 11. Lagar de prensado externo
- Capítulo 12. Xestión de residuos
- Capítulo 13. Seguridade e saúde
- Capítulo 14. Control de calidade.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Cuarto.- Con estas obras preténdese recuperar unha adega-lagar no lugar de Oímbra de gran interese patrimonial. Os obxectivos principais son por unha banda evitar a perda total desta edificación e doutra banda a súa difusión e interpretación patrimonial, levando a cabo obras tanto na propia edificación coma na parcela na que se empraza. Mesmo se pretende levar a cabo unha plantación de viña e árbores nunha parte da parcela.

Ademais, poderanse realizar exposicións, catas e outros eventos, á vez que se mostra ao visitante a edificación, o seu funcionamento, a contorna, as variedades de viño, etc...





Como complemento preténdese tamén nesta actuación reconstruír un lagar de prensado externo noutra zona do termo municipal de Oímbra.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Oímbra unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

